



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Pena do Corvo (Coirós e Oza dos Ríos, A Coruña), promovido por ESTELA EÓLICA, S.L. clave 2011/0094,

## EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento de inicio*" non afectaría a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo co "*Documento inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 10 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Iberolacerta monticola*, *Circus pygargus*, *Milvus migrans*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*).

## SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Pena do Corvo (Coirós e Oza dos Ríos, A Coruña), promovido por ESTELA EÓLICA, S.L. clave 2011/0094, se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe os efectos sinérxicos e acumulativos co Parque Eólico Bullos, do mesmo promotor e co compartirá subestación, tamén en trámite de Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental (clave 2011/0093).
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
  - a. *Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Iberolacerta monticola*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
  - b. *Circus pygargus*, *Milvus migrans*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata* e *quirópteros*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
  - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011